

EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA 4º ESO

8 DE MARZO - DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

A celebración do día 8 de marzo

O día 8 de marzo conmemórase en numerosos países do mundo como o Día internacional da muller traballadora. Esa data foi escollida na honra das traballadoras dunha fábrica textil de Nova Iorque que a comezos do século XX se atopaban en folga, protestando polas duras condicións do seu traballo e polos seus baixos salarios. Máis dun centenar delas morreron un 8 de marzo na fábrica como consecuencia dun incendio provocado polos seus xefes para acalar as protestas das traballadoras.

Na actualidade, esta data ten un dobre significado: por unha banda, é a celebración dos logros feministas na súa loita pola igualdade entre homes e mulleres, e pola outra banda, é un día para reivindicar ou chamar a atención sobre certos aspectos nos cales as mulleres aínda son discriminadas en comparación cos homes.

A historia do movemento feminista

Malia que hai varias correntes de feminismo, en xeral, pódese definir o feminismo como a crenza de que as mulleres deben ter os mesmos dereitos ca os homes; dereitos económicos, políticos, sociais, sexuais ou legais iguais ca os dos homes.

O movemento feminista naceu a finais do século XVIII, coa Revolución Francesa, cando algunhas pensadoras comezaron a tomar conciencia da discriminación das mulleres e decidiron loitar para poñer fin a esa inxustiza e acadar certos dereitos para as mulleres. Destacan as filósofas Olympe de Gouges e Mary Wollstonecraft.

No século XIX os principais esforzos do feminismo centráronse na reivindicación do dereito ao voto para a muller. Este movemento recibiu o nome de sufraxismo e logrou ese dereito en diferentes países occidentais ao longo do século XX. Por exemplo, en España o sufraxio feminino foi obtido en 1931, durante a Segunda República aínda que este dereito, así coma outros moitos, foron abolidos durante o posterior réxime de Franco. Feministas importantes deste movemento foron Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazan e Clara Campoamor no noso país e Lucrecia Mott ou E. Cady Stanton a nivel internacional.

O século XX é especialmente importante para o feminismo pois nel aparecen numerosas correntes feministas, con enfoques variados e alcánzanse moitos obxectivos da loita pola equiparación de xénero.

En xeral, durante ese século, as mulleres feministas loitaron polo dereito a ter acceso á educación, a posuír propiedades (xa que até entón non podían telas sen as compartir cun home, xa fose marido, irmán, etc), a traballar fóra do fogar (posto que moitas mulleres non se sentían satisfeitas nin realizadas só desempeñando o rol ou o papel de nais e esposas). Asemade, reivindicaron tamén o mesmo salario ca un home cando desempeñaban o mesmo traballo e a liberdade para poder planificar a súa familia, isto é, poder ter liberdade sexual, acceso aos anticonceptivos e ao aborto. Autoras destacadas do século XX foron Simone de Beauvoir, Betty Friedan ou Carol Gilligan.

Actualmente no noso país, a maioría destes dereitos están recoñecidos na lei, pero na vida real a discriminación aínda continúa xa que seguimos a vivir nunha sociedade patriarcal onde perviven moitos prexuízos e estereotipos sobre os roles ou papeis tradicionais que homes e mulleres deben desempeñar na sociedade.

A modo de exemplo: só o 6% dos postos directivos das empresas máis importantes están ocupados por mulleres.

As mulleres gastan, de promedio, moito máis tempo que os homes na realización das tarefas domésticas e no coidado dos fillos.

En certos países, tamén de Occidente, como os Estados Unidos ou Gran Bretaña, cando unha muller casa perde o seu apelido e pasa a utilizar o do marido.

ACTIVIDADES

1.- Define os seguintes conceptos:

Discriminación

Feminismo

Sufraxismo

Prexuízo

2.- Pon ti 3 exemplos máis de situacións onde aínda non exista unha igualdade real entre homes e mulleres.

3.- Pon agora 3 exemplos de cousas que poidas facer ti para haxa máis igualdade entre os dous xéneros.

4.- Escolle un anuncio ou serie de televisión e analiza os papeis que interpretan neles os homes e as mulleres. Son igualitarios? Encasillan a homes e mulleres en certos estereotipos ou tarefas? Que atributos se destacan nos homes e nas mulleres?

5.- Que mensaxen querén transmitir as seguintes viñetas:



6.- Cales son as ideas principais do seguinte texto? Estás de acordo con esas ideas? Por que?

“Vivimos nunha cultura que nos infantiliza. Para a nosa sociedade as mulleres son obxectos sexuais, decorativos, domésticos ou funcionais. O supostamente feminino resúmese en vivir a vida do outro e a través dos outros: os fillos, a parella, os pais, infinitas telenovelas. Xunto coa subordinación ao outro medra a inseguridade propia e os sentimentos de desvalorización.

A muller debe converterse en transformadora da súa propia historia. Comezar a ser dona do seu tempo e do seu espazo”.

L. Mizrahi, *La mujer transgresora*. Emecé, Barcelona, 1992